



O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 04-04-2024
ata a día 19-04-2024
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 10.03.2023, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a ampliación da vixente listaxe de emprego temporal de ADMINISTRATIVO/A para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 065, do 20.03.2023).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes) publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020 e corrección de erros BOP núm. 161, do 15.07.2020.

As cualificacións finais provisionais e proposta provisional do Tribunal coa orde da listaxe publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 21.03.2024.

O Tribunal, considerando proposta provisional definitiva por non presentarse alegacións, para cumprimento da base xeral 10 propón á presidencia da Entidade que aprobe a inclusión das persoas aspirantes na listaxe de emprego temporal para prestar servizos na praza/posto/emprego de administrativo/a vixente, tendo en conta a orde resultante do proceso selectivo e os criterios establecidos nas resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Á vista do sinalado proponse á presidencia que, de acordo co establecido nas bases xerais 10 e 11 que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, RESOLVA:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a ampliación da vixente listaxe de emprego temporal para prestar servizos en prazas/postos/empregos de ADMINISTRATIVO/A, grupo C – subgrupo C1.

2º Aprobar a inclusión das persoas aspirantes que a continuación se sinala na vixente listaxe temporal de Administrativo/a.

	IV7XQXD435ZS3WNLDUFHN53OOM	Fecha y Hora	03/04/2024 14:58:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQXD435ZS3WNLDUFHN53OOM	Página	1/2



Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1	IGLESIAS VARELA, Mª ELIZABETH	42,684
2	DE VEGA FLORES, AURORA	42,290
3	PRADO NISTAL, LAURA	37,65
4	ARIAS DOAMO, PALOMA	35,636
5	IRIARTE SUÁREZ, UXÍA	34,866
6	FERNÁNDEZ GUTIÉRREZ, ALBERTO	33,244
7	CAPÓN RAMOS, SUSANA	25,350
8	PARDO LÓPEZ, RAQUEL	25,300

3º Incluir aos efectivos na listaxe vixente seguindo o establecido nos criterios aprobados por resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

4º.- Dar efectividade á listaxe na que figuran as novas inclusións dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo.

5º.- Ordenar a publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (rrhh) e no taboleiro de anuncios da entidade”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,

P.D. Decreto de data 04-07-2023

O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA,

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 04-04-2024
ata a día 19-04-2024
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA
P.O. *(Firma)*

	IV7XQXD435ZS3WNLDUFHN53OOM	Fecha y Hora	03/04/2024 14:58:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRIGUEZ DIAZ		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XQXD435ZS3WNLDUFHN53OOM	Página	2/2

